

Rede DixitalGal

Guía de uso do espazo dixital para as persoas coordinadoras dos centros educativos

Índice

1.	<u>Espazo dixital</u>	3
2.	<u>Acceso ao espazo dixital</u>	3
3.	<u>Matriculación nos espazos de traballo</u>	4
4.	<u>Ámbito ADIX xeográfico > Equipo de traballo dentro do ámbito</u>	4
5.	<u>Aspectos xerais</u>	5
5.1	Envío de correos asociados a entradas nos foros.....	5
5.2	Rol dos usuarios nos diferentes espazos.....	5
6.	<u>Envío e seguimento das tarefas</u>	6

1. Espazo dixital


As persoas coordinadoras dos centros educativos, en función do seu ámbito xeográfico, desenvolverán o seu labor a través do espazo de traballo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/>

Para cada ámbito xeográfico establécense equipos de apoio dixital (ADIX).

Cada equipo ADIX está constituído por dúas persoas mentoras da etapa de educación infantil ou primaria, e unha persoa mentora da etapa de educación secundaria, que apoiarán aos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no deseño, elaboración, dinamización e desenvolvemento do seu Plan Dixital.

ÁMBITOS DA REDE DIXITALGAL



[Ámbitos ADIX](#)

2. Acceso ao espazo dixital

As persoas coordinadoras dos centros educativos deberán efectuar o autorexistro no enderezo anterior: <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/>

- **Acceder > Crear unha nova conta.** Deberanse cubrir todos os campos tendo en conta o seguinte:
 - **Nome de usuario:** Tomarase como base a conta de usuario do correo corporativo sen @edu.xunta.gal
 - **Contrasinal:** O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 dígito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos.
 - **Enderezo de correo:** empregarase o correo corporativo ...@edu.xunta.gal
 - **Nome:** Nome real da persoa coordinadora.
 - **Apelido:** Apelidos reais da persoa coordinadora.
 - **Cidade/Vila:** Non é preciso indicar este dato.
 - **País:** Deixar España
 - **Outros campos:**
 - **Código-nome do centro:** Seleccionar o centro educativo de destino.
 - **Provincia (centro):** Indicar a provincia á que pertence o centro.
 - **Concello (centro):** Indicar o concello ao que pertence o centro.
- **Pregunta de seguridade:** Marcar o check “Non son un robot”, contestar á pregunta formulada e facer click en “**Crear unha nova conta miña**”.

3. Matriculación nos espazos de traballo

- O persoal do equipo ADIX asignado a cada centro establecerá contacto coa persoa coordinadora e trasladará as indicacións oportunas para o autorexistro na plataforma, tal e como se establece no apartado 2 deste documento.
- As persoas coordinadoras accederán á plataforma <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/> coas credenciais do paso anterior. Unha vez identificados, e de acordo co ámbito xeográfico correspondente e as instrucións recibidas, procederán a introducir a chave de matriculación especificada polo equipo ADIX.
- Estas instrucións conterán a seguinte información:
 - **Datos de contacto da persoa mentora ADIX:**
 - Nome e apelidos.
 - Teléfono de contacto.
 - Correo electrónico.
 - **[Ámbito ADIX xeográfico] > [Equipo de traballo dentro do ámbito]**
 - **URL** do enlace ao espazo de traballo específico.

- **Chave de automatriculación** a introducir na URL anterior.

4. Espazo de traballo **Ámbito ADIX xeográfico > Equipo de traballo dentro do ámbito**

Este espazo componse dos seguintes elementos

- **Espazo común de traballo:**
 - Taboleiro de anuncios: Foro unidireccional no que só poden escribir os membros do equipo ADIX para enviar notificacións ás persoas coordinadoras dos centros. Recibiranse avisos destas mensaxes a través do correo electrónico.
 - Foro de dúbidas para todos os centros do ámbito-equipos: Foro bidireccional entre o equipo ADIX e as persoas coordinadoras dos centros educativos (calquera participante poderá abrir un novo tema de debate ou responder unha entrada anterior. Recibiranse avisos destas mensaxes a través do correo electrónico.
 - Servizo de videoconferencia común ámbito-equipos: a través da ferramenta integrada BigBlueButton. Deberanse ter en conta as seguintes cuestións:
 - Todos os membros do equipo ADIX e todas as persoas coordinadoras dos centros educativos terán o rol de moderador, polo que poderán compartir o seu escritorio.
 - As sesións de videoconferencia deberían planificarse coa suficiente antelación e debe quedar constancia no foro Taboleiro de anuncios.
 - Dado que nunha videoconferencia pode haber ata 60 persoas coordinadoras nun ámbito ademais do persoal do equipo ADIX, recoméndase non empregar as cámaras web agás que sexa imprescindible.
- **Fases do desenvolvemento do plan dixital:** Incorporaranse en cada fase as tarefas que as persoas coordinadoras deben cumprimentar a medida que avanza o desenvolvemento do Plan Dixital no seu centro e que deberán ser obxecto de seguimento polos membros do equipo ADIX.
- **Espazo privado **Código de centro – Nome do centro:****
 - Foro de comunicación ADIX – Centro: foro bidireccional exclusivo para os 3 membros do equipo ADIX e a persoa coordinadora do centro.
 - Servizo de videoconferencia (Adix – Centro): Exclusivo para os 3 membros do equipo ADIX e a persoa coordinadora do centro. Deberanse ter en conta as seguintes cuestións:
 - Todos os membros do equipo ADIX e a persoa coordinadora do centro educativo terán o rol de moderador, polo que poderán compartir o seu escritorio.
 - As sesións de videoconferencia deberían planificarse coa suficiente antelación e debe quedar constancia no foro particular *Foro de comunicación ADIX – Centro*.

5. Aspectos xerais

5.1 Envío de correos asociados a entradas nos foros

- As comunicacións realizaranse preferentemente a través dos foros para asegurar deste xeito a visibilidade por parte de todos os membros do equipo ADIX.
- Unha vez que un usuario garda unha entrada nun foro esta pasa a ser visible de xeito automático na aplicación, aínda que disporá dun prazo de 30 minutos para editar o seu envío.
- As notificacións das entradas nos foros envíanse ademais por correo electrónico unha vez transcorrido dito período e coincidindo coa execución do cron do sistema, proceso que se leva a cabo 7 veces ao día: 8:00, 10:00, 12:00, 14:00, 16:00, 18:00 e 20:00 horas.

5.2 Rol dos usuarios

- **Ámbito ADIX xeográfico > Equipo de traballo dentro do ámbito:**
 - Rol Profesor: membros do equipo ADIX.
 - Rol Alumno: persoas coordinadoras dos centros educativos.

6. Envío e seguimento das tarefas

- Os membros do equipo ADIX farán o seguimento e valoración dos envíos realizados polas persoas coordinadoras dos centros educativos.
- As tarefas teñen unhas datas propostas para a súa realización polo que as persoas coordinadoras deberán asegurar a súa **entrega nos prazos previstos** e así cumprir a planificación establecida para o desenvolvemento do Plan Dixital.
- As tarefas valoraranse por medio dunha escala ***Incompleta/Completada***.
- As persoas coordinadoras dos centros non poderán avanzar nas súas tarefas ata que obteñan unha valoración de *completada* nas tarefas previas.
- Calquera dos tres membros do equipo ADIX pode valorar os envíos de calquera centro do ámbito-equipo.